



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOGAIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da
provincia)

Dña. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da
Xunta de Galicia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de
Pontevedra)

**VOGAIS REPRESENTANTE DA
CMVMC DE VILAPOUCA**

Dña. Gloria Fiestras Janeiro

D. José Angel González Portos

SECRETARIA

Dña. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 24/05/2011, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “**Monte Tras do Alargo e Carrascal**” solicitado a prol da **CMVMC Vilapouca**, parroquia de Madanela de Montes, do concello de Forcarei

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 15/01/2010, dona Mª Gloria Fiestras Janeiro, como presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vilapouca, parroquia de Madanela de Montes, concello de Forcarei, presenta unha solicitude de iniciación de clasificación dun monte comunal denominado “Tras do Alargo e Carrascal”.

O 06/05/2010 o Xefe do Servizo de Montes indica en nota interior á Secretaria do Xurado de Clasificación de MVMC que os datos aportados pola solicitante permiten identificar plenamente a parcela, que non está clasificada e que consta como titular catastral da mesma o Concello de Forcarei.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 19/08/2010, incoar o correspondente expediente de clasificación do monte a prol da CMVMC de Vilapouca, parroquia de Madanela de Montes, concello de Forcarei.



O 30/08/2010 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común. Con data 29/09/2010 recíbese o antedito informe preceptivo do Servizo de Montes.

TERCEIRO.- A Rexistradora da Propiedade de A Estrada, en escrito de data 28/10/2010, certifica que o Monte denominado "Tras do Alargo e Carrascal" non figura inscrito no Rexistro da Propiedade.

CUARTO.- Á vista da documentación aportada pola solicitante e o informe do Servizo de Montes, o Monte obxecto do presente expediente obedece á seguinte descrición:

CONCELLO: FORCAREI
PARROQUIA: MADANELA DE MONTES
LUGAR: VILAPOUCA

NOME DO MONTE: "TRAS DO ALARGO E CARRASCAL"

Cabida: 35.854 m² aproximadamente (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Segundo información facilitada polo promotor do expediente os seus lindes son:

Norte: Concepción Janeiro e outros propietarios, valo no medio e valo interposto a Herdeiros de Soledad Troitiño e outros.

Sur: Camiño e Herdeiros de José María García.

Leste: Parcela do Concello de Forcarei ocupada polo campo de fútbol e, en parte, valo interposto de Soledad Troitiño e outros.

Oeste: Valado interposto a Concesina Janeiro e outros propietarios, estrada PO/VP 2004, camiño e Anunciación Seara, Horacio López, María Rosa Janeiro Dapena e outros propietarios camiño en medio.

SEXTO- Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, a comunidade solicitante presentou alegacións ao informe do Servizo de Montes. Nin o Concello de Forcarei, nin particular algún presentaron alegacións.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro débese entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O aproveitamento a prol dos veciños de Vilapouca queda acreditado no informe preceptivo do Servizo de Montes cando establece que “la parcela Tras do Alargo... presenta en la totalidad de su superficie una repoblación reciente de pino. La parcela Carrascal... en su límite oeste se localiza una edificación de una sola planta, el resto de su superficie está ocupada por repoblación...”

Cuarto.- A CMVMC solicitante aporta, nas súas alegacións ao informe do Servizo de Montes, copias das facturas dos traballos de plantación e de desbroce de monte comunal de Vilapouca. Ademais, presenta 18 declaracións xuradas de veciños de Vilapouca que afirman ter constancia de que este Monte sempre foi aproveitado en exclusiva polos veciños deste lugar. Sobre a “edificación de una sola planta” que se atopa na parcela Carrascal, trátase do local social da comunidade de montes solicitante, como o acredita un cartel colocado na frontal do mesmo e manifestan as 18 declaracións xuradas dos veciños, así como o informe técnico e a solicitude da CMVMC de Vilapouca, que aporta tamén certificación do balance económico de 1995 no que se inclúen os gastos de materiais para a construción do local.





Quinto.- Malia a ser o titular catastral do monte obxecto do presente expediente, o Concello de Forcarei non presentou alegacións á clasificación do citado monte, e soamente se limitou a remitir a certificación do secretario municipal (co Visto e Prace do alcalde) de que o anuncio relativo ao inicio do expediente estivo un mes exposto no taboleiro de anuncios do concello, como é preceptivo. Este proceder leva implícito o recoñecemento do carácter veciñal do terreo obxecto do expediente por parte do Concello.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, este Instrutor, en uso das facultades que ten conferidas propón e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros con dereito a voto **CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte denominado "**Tras do Alargo e Carrascal**" a prol dos veciños da **CMVMC de Vilapouca**, parroquia de Madanela de Montes do Concello de Forcarei, de acordo cos lindes e cabida reflectidos no antecedente de feito cuarto, e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

MONTE TRAS DO ALARGO E CARRASCAL. Escala 1:5.000



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

E tal e como dá a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto".




Xuño-2011

ESCALA : 1/5.000

Nº de plano:
1 de 1.

MONTE DE TRAS DO ALARGO E CARRASCAL. SUPERFICIE= Ver resolución do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.
CMVMC DE VILAPOUCA. CONCELLO DE FORCAREI

SITUACION. MTN 153-IV. 1:25.000



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA